

Recurso 537/2007: Listaxe aprobados Secundaria Oposicións 2007

Que se recorre?

Este recurso Contencioso Administrativo foi presentado pola Asociación Galega de Opositores e Opositoras do Ensino, contra a Orde do 3 de agosto de 2007 (DOG 23/08/07) pola que se fai pública a lista de opositores/as que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos citados corpos da Comunidade Autónoma de Galiza.

O recurso que pide?

Mentres non sexa presentada a demanda non se coñece que solicita, xa que soamente está presentado un escrito polo cal interpoñen o recurso contra a orde anteriormente citada.

O recurso a quen afecta?

Este Recurso afecta exclusivamente ao **profesorado en prácticas** do corpo de Profesores de Ensino Secundario, Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas, Profesorado de Música e Artes Escénicas e Profesorado Técnico de Formación Profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos citados corpos da comunidade autónoma de Galiza; **non afecta ao profesorado de Primaria.**

Por que foi admitido a trámite?

Como norma xeral, todos os recursos, se están presentados sen defectos de forma, son admitos a trámite, o que non presupón que haxa sentenza favorábel.

Que podes facer ante o próximo anuncio do recurso no DOG?

A finais desta semana ou principios da que vén, está previsto que o recurso sexa anunciado no DOG. Hai nove días para comparecer, pero desde a CIG-Ensino, para evitar que as vacacións de Semana Santa interfiran nos prazos, estableceremos un prazo até o xoves día 13.

Que vai facer a CIG-Ensino?

A CIG-Ensino vai comparecer no proceso; en consecuencia está garantida a defensa de todos e todas as afectadas.

Que hai que facer para *personarse*?

Tes dereito a comparecer (*personarse*) en todo o proceso. Para facilitar as cousas a todos e todas que queiran comparecer teñen que outorgarnos un poder notarial para que se poida actuar no seu nome. Se tes interese en facelo, debes porte en contacto co sindicato o máis axiña posíbel nos teléfonos abaixo indicados. Con motivo das vacacións de Semana Santa, o poder notarial debería estar en mans do sindicato antes do xoves, día 13 de marzo.

A CIG-Ensino quere trasladarvos unha razoábel tranquilidade e informarvos de todo este proceso nas seguintes Asembleas informativas.

ASEMBLEAS INFORMATIVAS luns 10 de marzo

**SANTIAGO
A CORUÑA
FERROL
LUGO**

LOCAL DA CIG (Rúa Ferro Caaveiro 10) ás 18:30h
LOCAL DA CIG (Edificio Sindical) ás 18:30h
LOCAL DA CIG (Eduardo Pondal 41-43) ás 18:00h
EDIFICIO SINDICAL (Salón de Actos) ás 18:30h

Teléfono: 981576800
Teléfono: 981169810
Teléfono: 981358750
Teléfono: 982245023

**PONTEVEDRA
OURENSE
BURELA
VIGO**

LOCAL DA CIG (Pasantería 1) ás 18:30h
LOCAL DA CIG (Parque San Lázaro 12) ás 18:30h
LOCAL DA CIG (Arcadio Pardiñas 137 Gal. 1º. A) ás 18:30h
LOCAL SINDICAL (Gregorio Espino 47) ás 18:30h

Teléfono: 986861513
Teléfono: 988238350
Teléfono: 982129593
Teléfono: 986827935